



CURSO 2014-2015

INSTRUCCIÓN PARA CUMPRIMENTAR A MATRÍCULA DA E.S.O. E DO BACHARELATO

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO: DE 10 A 13 HORAS

PRAZOS PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA:

**DO 25 DE XUÑO AO 10 DE XULLO
DO 1 AO 10 DE SETEMBRO.**

Xunto cos IMPRESOS DE MATRÍCULA se deberá aportar a seguinte documentación:

A) ALUMNADO DE NOVO INGRESO NO INSTITUTO

- 1.-2 fotos tipo carné co nome e apelidos ao dorso.-
- 2.-Fotocopia do D.N.I. (de non telo: fotocopia da páxina do libro de familia onde figure o/a alumno/a).
- 3.-Fotocopia da tarxeta sanitaria.
- 4.-Fotocopia do Historial académico.

B) ALUMNADO XA MATRICULADO EN CURSOS ANTERIORES

- 1.- 2 fotos tipo carné co nome e apelidos ao dorso.
- 2.- Fotocopia do D.N.I. (se non se presentou en anos anteriores).

E ADEMAIS:

SEGURO ESCOLAR

O alumnado que se matricule en *3º e 4º de E.S.O. e 1º e 2º de BACHARELATO* deberá abonar na conta número: **ES05 2080 0048 2130 4000 4391** da Sucursal NovaGalicia Banco Cambre, a cantidade de 1,12 euros en concepto de SEGURO ESCOLAR. O xustificante de pago deberá presentarse co resto da documentación arriba indicada.-

Os centros sanitarios para os beneficiarios do Seguro Escolar son: Instituto Médico Quirúrxico San Rafael ,Instituto Policlínico Santa Teresa e Centro Médico Finisterre.Máis información na Administración do Centro e na páxina web: www.seg-social.es >>trabajadores>>prestaciones/pensiones de trabajadores>>prestaciones del Seguro Escolar.

BUS ESCOLAR

Os impresos do buses deberán presentarse co resto da documentación arriba indicada .
Os carnés do bus entregaranse ao alumnado ao comenzo de curso.

NOTA: NON SE ADMITIRÁ DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA.



DATOS PERSOAIS	
APELIDOS:	NOME:
REPITE CURSO?(SÍ/NON)	CENTRO DE PROCEDENCIA:

MATRÍCULA (marque cun X o curso e as opcións correspondentes)

1º E.S.O.	2º E.S.O.	3º E.S.O.
<u>MATERIAS COMÚNS</u>	<u>MATERIAS COMÚNS</u>	<u>MATERIAS COMÚNS</u>
<input checked="" type="checkbox"/> Ciencias da natureza: <input type="checkbox"/> NON BILINGÜE <input type="checkbox"/> BILINGÜE <input checked="" type="checkbox"/> Ciencias sociais, xeog. e historia. <input checked="" type="checkbox"/> Educación Física <input checked="" type="checkbox"/> Lingua castelá e literatura <input checked="" type="checkbox"/> Lingua galega e literatura <input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas <input type="checkbox"/> NON BILINGÜE <input type="checkbox"/> BILINGÜE <input checked="" type="checkbox"/> Educación plástica e visual <input checked="" type="checkbox"/> Proxecto interdisciplinar	<input checked="" type="checkbox"/> Ciencias da natureza: <input type="checkbox"/> NON BILINGÜE <input type="checkbox"/> BILINGÜE <input checked="" type="checkbox"/> Ciencias sociais, xeografía e historia. <input checked="" type="checkbox"/> Educación Física <input checked="" type="checkbox"/> Lingua castelá e literatura <input checked="" type="checkbox"/> Lingua galega e literatura <input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas <input type="checkbox"/> NON BILINGÜE <input type="checkbox"/> BILINGÜE <input checked="" type="checkbox"/> Música <input checked="" type="checkbox"/> Educación para a cidadanía e os dereitos humanos <input checked="" type="checkbox"/> Tecnoloxías	<input checked="" type="checkbox"/> Bioloxía e xeoloxía <input type="checkbox"/> NON BILINGÜE <input type="checkbox"/> BILINGÜE <input checked="" type="checkbox"/> Física e química <input type="checkbox"/> NON BILINGÜE <input type="checkbox"/> BILINGÜE <input checked="" type="checkbox"/> Ciencias sociais, xeografía e historia. <input checked="" type="checkbox"/> Educación Física <input checked="" type="checkbox"/> Lingua castelá e literatura <input checked="" type="checkbox"/> Lingua galega e literatura <input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas <input checked="" type="checkbox"/> Música <input checked="" type="checkbox"/> Educación plástica e visual <input checked="" type="checkbox"/> Tecnoloxías
<u>1º LINGUA EXTRANXEIRA</u>	<u>1º LINGUA EXTRANXEIRA</u>	<u>1º LINGUA EXTRANXEIRA</u>
<input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés	<input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés	<input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés
<u>2ª LINGUA EXTRANXEIRA</u>	<u>2ª LINGUA EXTRANXEIRA</u>	<u>RELIXIÓN / ALTERNATIVAS</u>
<input checked="" type="checkbox"/> Será Inglés ou Francés, a que non escolla como primeira lingua estranxeira.	<input checked="" type="checkbox"/> Será Inglés ou Francés, a que non escolla como primeira lingua estranxeira.	<input type="checkbox"/> Relixión católica <input type="checkbox"/> Atención educativa
<u>RELIXIÓN / ALTERNATIVAS</u>	<u>RELIXIÓN / ALTERNATIVAS</u>	<u>OPTATIVA</u>
<input type="checkbox"/> Relixión católica <input type="checkbox"/> Atención educativa <input type="checkbox"/> Historia e cultura das relixións	<input type="checkbox"/> Relixión católica <input type="checkbox"/> Atención educativa <input type="checkbox"/> Historia e cultura das relixións	<u>(numere por orde de preferencia)</u> ___ Segunda lingua estranxeira: será Inglés ou Francés, a que non escolla como primeira lingua ___ Cultura clásica ___ Obradoiro de iniciativas emprendedoras



INSTRUCCIÓN DE MATRÍCULA:

1.O tempo entre o remate do prazo de matrícula e o comezo do curso escolar é moi escaso e a organización de cada curso escolar depende en moitos factores das solicitudes de matrícula que fai o alumnado. Reflexione detidamente sobre a súa solicitude de matrícula e infórmese adecuadamente se ten algunha dúbida, xa que unha vez realizada, NON SE PERMITIRÁN MODIFICACIÓNS NA SOLICITUDE, e unha vez feitos os grupos, NON SE PERMITIRÁN CAMBIOS DE MATERIAS NIN DE GRUPO, agás aqueles propostos polo Departamento de Orientación e cando a organización do centro o permita.

2.SECCIÓNS BILINGÜES: en primeiro e segundo curso da E. S. O. existe a posibilidade, nas materias de “Ciencias da natureza” e “Matemáticas”, de cursalas como bilingües (en castelán e en inglés a de matemáticas e en galego e inglés a de ciencias da natureza) ou como non bilingües (só en castelán ou en galego respectivamente). En terceiro curso da E. S. O. pódense escoller seccións bilingües nas materias de física e química e de bioloxía. Marque a opción que desexe.

3.LINGUAS ESTRANXEIRAS: en toda a E. S. O. (nos catro cursos) existe como materia común a “Primeira lingua estranxeira”, podéndose elixir, no noso centro, entre inglés e francés. Teña en conta que se cursou esta materia (“Primeira lingua estranxeira”) nun curso nunha lingua e matricúlase noutro curso posterior (na materia de “Primeira lingua estranxeira”) noutra lingua, automaticamente aparecerán como materias pendentes (que deberá aprobar) as materias “Primeira lingua estranxeira” de todos os cursos anteriores nos que non escollera esta última lingua. Por exemplo, un alumno que cursou en primeiro e segundo da E. S. O. a materia de “Primeira lingua estranxeira” en inglés, se en terceiro da E. S. O. escolle francés como “Primeira lingua estranxeira”, deberá aprobar a materia “Primeira lingua estranxeira” de primeiro e de segundo da E. S. O. en francés. Para facilitar os cambios, os Departamentos de inglés e francés establecerán mecanismos de avaliación dos coñecementos dos alumnos, para que aqueles con nivel suficiente, poidan desentenderse destas materias pendentes. Os que non poidan beneficiarse destas medidas contarán, evidentemente, cos mecanismos habituais de avaliación de materias pendentes. Consulte cos Departamentos de inglés e francés ou coa Dirección en caso de dúbida.

4.RELIXIÓN E ALTERNATIVAS: deberá escoller entre “Relixión católica”, “Atención educativa” ou “Historia e cultura das relixións”. Lembre a información do primeiro punto destas instrucións.

5.OPTATIVA: no terceiro curso deberá escoller unha optativa de entre as seguintes: “Segunda lingua estranxeira”, “Obradoiro de iniciativas emprendedoras” ou “Cultura clásica”. Lembre que as dúas últimas só poden cursarse en terceiro ou en cuarto, o que quere dicir que se por exemplo cursa “Cultura clásica” en terceiro da E. S. O., non a poderá cursar en cuarto (o mesmo para “Obradoiro de iniciativas emprendedoras”). A segunda lingua estranxeira pódese cursar en cuarto aínda que se cursara en terceiro.



DATOS DO ALUMNO / A

APELIDOS:		NOME:	
SEXO (Muller/ Home):	NIF:	Nº. SEGURIDADE SOCIAL:	
IDADE:	DATA DE NACEMENTO:	PAIS DE NACEMENTO:	NACIONALIDADE:
CONCELLO DE NACEMENTO:		PROVINCIA DE NACEMENTO:	
NOME E APELIDOS DO PAI:		TELÉFONO:	
NOME E APELIDOS DA MAI:		TELÉFONO:	
NOME E APELIDOS DO TITOR /A LEGAL:		TELÉFONO:	
ENDEREZO FAMILIAR:			
NO CASO DE SEPARACIÓN DOS PAIS INDIQUE QUE TEN A CUSTODIA DO FILLO/A (NAI / PAI):			

DATOS ACADÉMICOS

CENTRO DE PROCEDENCIA:
ESTUDOS QUE CURSA ACTUALMENTE OU QUE CURSOU NO ÚLTIMO ANO:
ESTUDOS QUE ALEGA PARA A SOLICITUDE DE INGRESO NO CENTRO:

DATOS MÉDICOS OU PSICOEDUCATIVOS

IMPORTANTE: Estes datos son totalmente confidenciais e unicamente serán empregados para a adecuación das actividades na materia de Educación Física e para o coñecemento do profesorado implicado. É imprescindible xuntar o certificado médico correspondente cando se alegue que o alumno / a padece algunha discapacidade, enfermidade, lesión ou problema que contraindiquen a práctica da Educación Física e os Deportes ou que requira de medidas organizativas extraordinarias por parte do Centro.

¿PADECE O ALUMNO/A ALGÚN TIPO DE DISCAPACIDADE FÍSICA OU PSÍQUICA QUE POIDA REQUERIR MEDIDAS ORGANIZATIVAS E/OU CURRICULARES ESPECIAIS POR PARTE DO CENTRO ?

INDIQUE SE O ALUMNO/A PADECE OU PADECEU ALGÚN TIPO DE ENFERMIDADE QUE POIDA REQUERIR MEDIDAS ORGANIZATIVAS E/OU CURRICULARES ESPECIAIS POR PARTE DO CENTRO, TALES COMO PROBLEMAS CARDIOVASCULARES, ALÉRXICOS, DIFICULTADES RESPIRATORIAS, DOENZAS OU DEFORMACIÓN NOS OSOS OU ARTICULACIÓN, DEFORMACIÓN DA COLUMNA VERTEBRAL, DEFORMACIÓN NOS PÉS, ETC.

DON / DONAEN CONDICIÓ DE REPRESENTANTE LEGAL OU TITOR / A DO ALUMNO / A AO QUE SE REFIRE ESTE IMPRESO AUTORIZO AO IES DAVID BUJÁN, NAS PERSOAS QUE CORRESPONDA, A ACOMPAÑAR A DITO ALUMNO / A AO CENTRO DE SAÚDE CANDO, ANTE UNHA INDISPOSICIÓ MÉDICA, NON SEXA POSIBLE LOCALIZARME OU A GRAVIDADE DA SITUACIÓ O ACONSELE.

Cambre, a de de 20.....

Asdo.:



SGD

DON / DONA EN
 CONDICIÓN DE REPRESENTANTE LEGAL OU TITOR / A DO ALUMNO / A AO QUE SE REFIRE ESTE IMPRESO DE
 MATRÍCULA AUTORIZO AO IES DAVID BUJÁN PARA QUE OS DATOS ACADÉMICOS DO CITADO ALUMNO / A SEXAN
 INCORPORADOS AO SERVIZO SGDWEB. CON ESTE EXCLUSIVO FIN AUTORIZO AO CENTRO PARA QUE REMITA DITA
 INFORMACIÓN Á PLATAFORMA WEB ACCESIBLE A TRAVÉS DA INTERNET, QUE PODERÁ SER CONSULTADA POLAS
 PERSOAS AUTORIZADAS, PREVIA SOLICITUDE DE CONTRASINAL.
 QUEDO INFORMADO DE QUE O SERVIZO DE SGDWEB NA ACTUALIDADE SERÁ PRESTADO POLA EMPRESA TÉCNICA
 AUTOMÁTICA S. A. (TECNAUSA), E QUE PARA EXERCITAR OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E
 OPOSICIÓN, SERÁ ANTE O IES DAVID BUJÁN, A EFECTOS DE DAR CUMPRIMENTO CO DISPOSTO POLO ARTIGO 5º DA LEI
 ORGÁNICA 15/1999 DO 13 DE DECEMBRO, SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.

Cambre, de de 20.....

Asdo.:.....

NOTA: O SGD PERMITE CONSULTAR A TRAVÉS DA INTERNET DIARIAMENTE CALQUEIRA INCIDENCIA DE CLASE
 ANOTADA POLO PROFESOR / A COMO FALTAS A CLASE, RETRASOS, AMONESTACIÓNS, EXPULSIÓNS DA AULA, ETC. NO
 CASO DE AUTORIZARSE ESTE SISTEMA, NON SE ENVIARÁN ESTE TIPO DE INCIDENCIAS POR ESCRITO ÁS CASAS.

DNI DA NAI:..... DNI. DO PAL.....

AUTORIZACIÓN DE USO DA IMAXE DO/DA ALUMNO/A

D/DNA..... CON DNI.....

PAI/NAI/TITOR/A LEGAL DO/DAALUMNO/A.....

AUTORIZO AO CENTRO I.E.S. DAVID BUJÁN A FACER USO PEDAGÓXICO DAS IMAXES QUE POIDAN SER TOMADAS EN
 ACTIVIDADES LECTIVAS, COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO NAS QUE
 INDIVIDUALMENTE OU COMO PARTE DUN COLECTIVO APAREZA O MEU FILLO/A

Cambre.....de.....de 20.....

Asdo.

(Pai, nai, titor/a legal)

SOLICITUDE DO TRANSPORTE ESCOLAR GRATUÍTO. MARCAR CUNHA X O QUE CORRESPONDA.

APELIDOS E NOMECURSO.....
ENDEREZO.....POBOACIÓN.....

BUSES GRATUITOS(HORA DE INICIO: 7,50 HORAS)

- | | | | |
|---|---|--|--|
| <input type="checkbox"/> BUS 1 A | <input type="checkbox"/> BUS 2A | <input type="checkbox"/> BUS 3A | <input type="checkbox"/> BUS 4A |
| <input type="checkbox"/> CEREIXEIRO | <input type="checkbox"/> CASTRO LEMA | <input type="checkbox"/> ROCHA | <input type="checkbox"/> CAMBRE |
| <input type="checkbox"/> PEIRAIÓ | <input type="checkbox"/> BOGA | <input type="checkbox"/> DROZO | |
| <input type="checkbox"/> FRAGUIÑA | <input type="checkbox"/> BREXO MESÓN | <input type="checkbox"/> ANCEIS | |
| <input type="checkbox"/> MOSTEIRO | <input type="checkbox"/> BREXO BAR PORCHE | <input type="checkbox"/> MERCURÍN | |
| <input type="checkbox"/> CRUCEIRO BRIBES | <input type="checkbox"/> BREXO GRANXA | <input type="checkbox"/> S.BENITO | |
| <input type="checkbox"/> CASA PENA | <input type="checkbox"/> BREXO CRUCE | <input type="checkbox"/> GOSENDE | |
| <input type="checkbox"/> BARRAL | <input type="checkbox"/> ANDEIRO | <input type="checkbox"/> CORTE INGLÉS | |
| <input type="checkbox"/> O VILAR | <input type="checkbox"/> IGREXA STA M.VIGO | <input type="checkbox"/> ALTAMIRA | |
| <input type="checkbox"/> BRIBES | <input type="checkbox"/> STA M. VIGO ABAIXO | <input type="checkbox"/> ALTAMIRA P. LAUDA | |
| <input type="checkbox"/> POTRO | <input type="checkbox"/> FONTE MOURA | <input type="checkbox"/> PONTIDO | |
| <input type="checkbox"/> PANTANO | <input type="checkbox"/> A VEIGA | <input type="checkbox"/> CABANA | |
| <input type="checkbox"/> TALLERES PÉREZ | <input type="checkbox"/> ANDEIRO | <input type="checkbox"/> CASTROBO(FORD) | |
| <input type="checkbox"/> MEIXIGO | <input type="checkbox"/> IGREXA ANDEIRO | <input type="checkbox"/> AIÁN | |
| <input type="checkbox"/> BANDEBO | <input type="checkbox"/> PONTE CELA | <input type="checkbox"/> BARRIÉ | |
| <input type="checkbox"/> SAN LOURENZO | <input type="checkbox"/> PATIÑA | <input type="checkbox"/> MESÓN VASCO | |
| <input type="checkbox"/> SAN LOURENZO CRUCE | | | |
| <input type="checkbox"/> MUIÑO VELLO | | | |
| <input type="checkbox"/> ANCEIS | | | |
| <input type="checkbox"/> ROCHA | | | |
| <input type="checkbox"/> ENXERTOS.GASOLIÑEIRA | | | |
| <input type="checkbox"/> PENA | | | |

SOLICITUDE DE TRANSPORTE ESCOLAR DE PAGO (HORA DE INICIO:7,50 H.)

APELIDOS E NOME DO ALUMNO/A..... CURSO.....
ENDEREZO.....POBOACIÓN.....CP.....TFNO.....
NOME DA ENTIDADE BANCARIA.....
APELIDOS E NOME DO TITULAR DA CONTA.....
NUMERO DA CONTA IBAN OU NO MELLOR DOS CASOS FOTOCOPIA DA PÁXINA DA CARTILLA BANCARIA ONDE FIGURE DITO DATO.....

RUTA:
TABEAIO-CARRAL-COIRO-CAÑÁS-VIGO-BREXO-BRIBES-LEMA-PATIÑA-CASA PALMERAS-A BARCALA-CAMBRE-I.E.S. DAVID BUJÁN

PARADA:.....

O PAGO DO BUS SERÁ POR MES E CURSO COMPLETOS.

PARA PODER VIAXAR NOS BUSES SERÁ REQUISITO INDISPENSABLE ESTAR EN POSESIÓN DO CARNÉ QUE DEBERÁ SER PRESENTADO AO CONDUCTOR/A Á ENTRADA DO BUS.-

NON SE LLE EXPEDIRÁ CARNÉ A TODO AQUEL ALUMNO/A QUE TEÑA RECIBOS PENDENTES DO CURSO ANTERIOR.

O DUPLICADO DO CARNÉ COSTARÁ 1 EURO (RECOLLERASE NAS OFICINAS DE ASICASA SITAS NA ESTRADA O BURGO-OS PELAMIOS(AO LADO DE TANATORIO EIROA).

A.S.I.C.A.S.A. –CIF: A15049943-ESTACIÓN DE AUTOBUSES.15007. A CORUÑA.TFNO. 981231234-FAX.981 231414



CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO PARA O CURSO ESCOLAR 2014-2015. (ORDE DO 28 DE MAIO DE 2014-D.O.G. 30 MAIO 2014.)

REQUISITOS:

Ser pai,/nai/titor/a de alumnado matriculado en ESO durante o curso 2014/2015, e non repetir curso neste ano académico. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e ter una renda per cápita familiar igual ou inferior a 9000 euros.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Na Administración do Centro .

O alumno que se matricule no prazo ordinario : do 25 de xuño ao 28 de xullo(ambos inclusive). No caso de prazo extraordinario : do 2 de setembro ao 2 de outubro(ambos inclusive).

A instancia poden obterse: na Administración do Centro, na páxina web do centro, na guía de procedementos e servizos do enderezo <https://sede.xunta.es>, nas xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e O.U. e tamén descargala en formato pdf no enderezo <http://edu.xunta.es>

A instancia debe ser asinada polo pai, a nai ou titor/a do alumno/a. Todo isto sen prexuízo da sinatura por parte dos restos dos membros da unidade familiar que obteñan ingresos, agás nos supostos de separación ou divorcio, nos cales poderá omitirse a sinatura do proxenitor que non teña a custodia do menor.

Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.

No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar no día 31 de decembro de 2012 non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento acreditativo do número de membros da unidade familiar, tales como:

1.-Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante.-

2.-Certificado ou volante de convivencia.

3.-Informe dos servizos sociais que acredite a situación familiar.

b) No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá presentarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia en 31 de decembro de 2012:

1.-Certificado do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.

2. Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta, ou gran invalidez, ou

3.-Documentación acreditativa de condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade

c) No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar: documentación acreditativa.

O Centro poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada.

CONTÍA DAS AXUDAS:

Familias monoparentais:

Renda per cápita familiar ata 6.000,00 euros : 180 euros

Renda per cápita familiar desde 6.000,01 euros ata 9.000,00 euros: 104 euros

Resto das familias:

Renda per cápita familiar ata 5.400,00 euros: 180 euros

Renda per cápita familiar desde 5.400,01 euros ata 9.000 euros: 104 euros

Enténdese por Renda per cápita a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables(Computarase como dous os membros da unidade familiar que figurando na solicitude teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%).

Para os efectos de determinar a renda per cápita familiar terase en conta a situación familiar en 31 de decembro de 2012 e o exercicio fiscal de 2012.

A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros que obteñan ingresos. Os efectos de cálculo da renda familiar sumarán os recadros 455(base impositible xeral) e a 465 (base impositible do aforro) da declaración .

Para os efectos previstos na Orde do 28 de maio de 2014, e con referencia a 31 de decembro de 2012 , considérase que conforman a unidade familiar:

Os pais non separados legalmente ou se for o caso o titor ou titora, os fillos/as menores de idade, os fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica, os fillos/as solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que conviven con eles e que cumpran os requisitos anteriores. Esta situación deberá acreditarse co correspondente volante ou certificado de convivencia.

Non se expedirá un novo vale no caso de que sexa extraviado polo solicitante ou pola librería.

Unha vez entregado o vale se o/a solicitante detecta algún erro, disporá de dez días hábiles para emendar a solicitude devolvendo o vale recibido.



PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED330B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

CURSO 2014/15

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33 % SI NON SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO SI NON

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

DATOS DO CENTRO

DENOMINACIÓN DO CENTRO

TIPO DE CENTRO Público Concertado CONCELLO CÓDIGO DO CENTRO

DATOS DO/A ALUMNO/A PARA O QUE SOLICITA A AXUDA
(O alumnado que repita 3º, 4º, 5º ou 6º de educación primaria ou calquera dos catro cursos de ESO non ten dereito á axuda)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO DATA DE NACEMENTO

ESTUDOS QUE REALIZA NO CURSO 2014/15
 Educación primaria ESO Educación especial

DISCAPACIDADE
 Igual ou superior ao 33 % e inferior ao 65 % Igual ou superior ao 65 %

ALUMNO TUTELADO POLA XUNTA DE GALICIA
 SI NON



DATOS FAMILIARES (todos os datos son referidos ao 31 de decembro de 2012)

Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR DISTINTOS DO ALUMNO PARA O QUE SOLICITA A AXUDA E DO SOLICITANTE (no caso de alumnado matriculado en educación especial, discapacidade igual ou superior ao 65 % ou en situación de garda, tutela ou atención de día pola Xunta de Galicia deixárase en branco).

NOME E APELIDOS	NIF/NIE	PARENTESCO	DATA DE NACEMENTO	DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33 %
		Cónxuxe/análogo		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
		Fillo/a*		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
		Fillo/a*		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
		Fillo/a*		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
		Fillo/a*		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
		Fillo/a*		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
		Fillo/a*		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

* Indicaranse os datos:

- Dos fillos menores de idade a excepción do alumno para o cal solicita axuda e dos emancipados.
- Dos fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xuridicamente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Dos fillos solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar o 31 de decembro de 2012.

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que se atopa incluído na situación de renda per cápita familiar que se indica a continuación (ano 2012). No caso de solicitudes de axuda para alumnado de educación especial, discapacidade igual ou superior ao 65 % ou en situación de garda, tutela ou atención de día pola Xunta de Galicia, este cadro deixárase en branco:

FAMILIAS MONOPARENTAIS

- Con renda per cápita familiar ata 6.000 € Con renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 9.000 €.

RESTO DE FAMILIAS

- Con renda per cápita familiar ata 5.400 € Con renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000 €.

2. Que acepta as bases da convocatoria, que cumpre os requisitos exixidos por esta e que son certos todos os datos que constan na solicitude.
3. Non ter solicitado nin recibido ningunha axuda para a mesma finalidade, ou ben, que o conxunto das axudas solicitadas e recibidas, xunto con esta, non superan o custo total dos libros de texto.
4. Que se compromete a conservar os libros en bo estado, así como a incorporarllos, ao finalizar o curso escolar 2014/15, a un fondo solidario que se constituirá no centro escolar (banco de libros).

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Alumnado de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

Copia do DNI ou NIE, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade.

a) Libro de familia en que figuren todos os membros da unidade familiar.

Só no caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2012, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

1. Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.

2. Certificado ou volante de convivencia

3. Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia que acredite a situación familiar.

b) No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, ou do alumno igual ou superior ao 33 % e inferior ao 65 %, deberá presentarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia en 31 de decembro de 2012:

1. Certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33 %.

2. Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez

3. Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

c) Se é o caso, documentación acreditativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar.

Alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %.

Copia do DNI ou NIE, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade.

Certificación emitida polo órgano competente do grao de discapacidade.

Alumnado de educación especial: o alumnado matriculado en educación especial, en centros específicos ou en unidades de educación especial en centros ordinarios, segundo establece o Decreto 229/2011, do 7 de decembro (Diario Oficial de Galicia do 21).

Copia do DNI ou NIE, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade.



Autorizo a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos a consulta dos datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Os demais membros da unidade familiar autorizan á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos a consultar os seu datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009. Así mesmo, autorizan a obter as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOME E APELIDOS	NIF/NIE	PARENTESCO	AUTORIZA CONSULTA IDENTIDADE (SVDI)	AUTORIZA CONSULTA DATOS TRIBUTARIOS	SINATURA DA PERSOA OU DO PAI/NAI NO CASO DE SER MENOR DE IDADE
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	
			<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON	

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal infórmaselle que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxt.cultura.educacion@xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 28 de maio de 2014 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, para o seu uso no curso escolar 2014/15.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño).
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento desta lei (DOG do 29 de xaneiro).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

_____, ____ de _____ de _____